

Soutullo e Vert no 2025

**Obra lírica a un século da
súa estrea**

Concerto

Livia Leal

Pablo Nieves

Carmen Bargiela

Notas ao programa

18:30 - Mércores 1 de outubro de 2025

Auditorio da Facultade de Filoloxía



Este concerto atópase enmarcado na xornada que leva por título *Soutullo e Vert no 2025: Obra lírica a un século da súa estrea*, realizada ao abeiro da convocatoria de axudas destinadas ao desenvolvemento de actividades de dinamización sociocultural, físico-deportiva e cultural nos centros da Universidade de Santiago de Compostela no exercicio 2025, promovida pola Vicerreitoría de Estudantes e Cultura da Universidade de Santiago de Compostela.

Esta actividade atópase tamén enmarcada na miña tese doutoral, que realizo na Universidade de Oviedo e o Traballo de Fin de Mestrado que simultaneamente realicei nesta propia casa da Universidade de Santiago de Compostela, titorizado por Montserrat Capelán e César Domínguez, sobre o sainete *Encarna, la Misterio* (1925).

A razón pola que esta actividade nace é porque considero que investigar aos autores e a súa música non é suficiente. O coñecemento non debe depositarse nunha torre de marfil, a investigación debe ser difundida e transmitida á sociedade. E a música, a mellor forma de transmitila, é facéndoa soar.

Neste sentido, quería agradecer tanto á Vicerreitoría de Estudantes e Cultura como ao decanato da Facultade de Filoloxía a confianza e o apoio brindado, así como ás demais persoas que me axudaron a levar este proxecto a bo termo.

Marcos Amado Rodríguez
Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2025

Primeira parte

Adicada a Montserrat Capelán e César Domínguez,
e a Alejo Amoedo e Enrique Mejías.

- | | | |
|---|---------------------------------|-----------------------------|
| 1 | Pasodobre (N.º 6) | <i>Encarna, la Misterio</i> |
| 2 | Dúo de Fufú e Alicante (N.º 2) | <i>Encarna, la Misterio</i> |
| 3 | Romanza de Encarna (N.º 4) | <i>Encarna, la Misterio</i> |
| 4 | Dúo de Carlos e Encarna (N.º 5) | <i>Encarna, la Misterio</i> |
| 5 | Dúo de Castora e Damián (N.º 7) | <i>Encarna, la Misterio</i> |

Segunda parte

Adicada a Ramón Sobrino e aos compañeiros e compañeiras do CEDOA
da SGAE: Mariluz González Peña e Ignacio Jassa Haro.


- | | | |
|---|----------------------------|--|
| 6 | Dúo de Amalia e Claudio | <i>La Casita del Guarda</i> |
| 7 | “Dúo” de Gregoria e Felipe | <i>Primitivo y la Gregoria
o El Amor en la Prehistoria</i> |
| 8 | Romanza da festa de Román | <i>La Canción de los Batanes</i> |



O concerto está integrado por obras estreadas polo tándem de compositores no ano de 1925, comezando cunha serie de números pertencentes ao sainete *Encarna, la Misterio*. A obra, con libreto de Fernando Luque (m. 1927) e Enrique Calonge (1878-1942), foi estreada no Teatro Apolo de Madrid o 8 de maio de 1925. É un sainete que trata sorprendentemente máis sobre Carlos, un mozo burgués, que sobre Encarna, sendo este o que pretende por tódolos medios conseguir a esa muller. No segundo acto, xa namorados os protagonistas, intentarán obter o permiso para casarse de Castora, a nai de Carlos, que é contraria ao enlace entre clases. A obra foi un rotundo éxito na súa estrea, e musicólogos como Enrique Mejías a sinalan como un precedente do sainete lírico moderno que veremos na década seguinte.

O concerto comeza co **pasodobre** da obra a cargo da pianista, partindo dunha edición para banda da revista Harmonía. O pasodobre pertence ao sexto número da obra, que Alicante II e os seus seis dependentes interpretan na habitación de Damián, e que comeza cun “La ciencia del toreo”; aínda que o noso protagonista popular, un pouco medorento, non está para dar leccións ao respecto. Un pasodobre ao uso, enérxico, flamenquista e con claras sonoridades bandísticas.

Continuamos co segundo número da obra, o **Dúo de Fufú e Alicante II**, un fox-trot movido entre unha das supertanguistas do Máxim's, local onde tamén traballa Encarna, e Alicante II, mozo castizo, pero ao que se lle vai pegando pouco a pouco o acento da súa namorada. O número é lixeiro, cómico e cuns xiros harmónicos cautivadores, propios da sonoridade da modernidade.



Os números intermedios da obra son puramente líricos, moi deudores da tradición zarzuelística e operística do XIX. A **Romanza de Encarna** é un número íntimo e introspectivo, onde Encarna sofre polo amor que profesa por Carlos, amor que non pode corresponder por dignidade, e polo sufrimento que lle causa a mala vida que o mozo está a levar.

O tándem de compositores amosa aquí unha orquestración moi coidada, finisimamente traballada, así como un traballo tópico e retórico salientable, reforzando profundamente as significacións do texto verbal.

Segue, xa no segundo acto da obra, o **Dúo de Encarna e Carlos**. Sitúanse os nosos protagonistas ás portas da facultade de medicina, onde Carlos finalmente obtén o título de médico, imprescindible para merecer o amor de Encarna e resarcirse da súa hedonista vida pasada. Neste reencontro entre os mozos atopamos outro número coidadosamente traballado por Soutullo e Vert, no que reaproveitan a célula melódica inicial da romanza, agora máis vigorosamente orquestrada. É, ao igual que a romanza anterior, un número que rompe maxistralmente coa dinámica de suite de bailes do sainete.

A primeira parte, adicada exclusivamente ao sainete *Encarna, la Misterio* remata co número 7, a belísima mazurca a **Dúo de Castora e Damián**, na que este último canta instando a Castora a lembrar o seu pasado proletario, nun Madrid pretérito no que estaban xuntos e namorados. Unha peza moi emotiva que semella ter feito as delicias do público da época.

A segunda parte do programa abrangue as demais obra compostas polo tándem no ano de 1925. Comezamos con *La Casita del Guarda*, unha zarzuela estreada no Teatro Novedades de Madrid o 6 de marzo de 1925.



Con libreto de Enrique Calonge, o argumento narra a tensión entre Amalia e Victoria, muller e filla respectivamente do garda Hilario.

O número escollido, o **Dúo de Amalia e Claudio**, narra como Claudio, amante de Amalia, aproveita un intre no que o marido e a filla deste marchan para ir a visitala á casita do garda. É unha peza similar ao anterior dúo de Encarna e Carlos, moi lírico, esixente, sendo este moito máis movido e frenético ao longo das diferentes seccións.

Seguimos con *Primitivo y la Gregoria o El Amor en la Prehistoria*, con libreto outra vez de Luque e Calonge. Este “entremés bufo y de costumbres antidiluvianas” foi estreado na función extraordinaria de inocentes, o 28 de decembro de 1925, tamén no Teatro Apolo de Madrid. Este número cómico, o **“Dúo” de Felipe e Gregoria** (non é dúo per se, pois os protagonistas son coreados por outros tres homes) é unha java lixeira e ben ensamblada. Lamentablemente non conservamos o libreto da obra, polo que o argumento permanece como unha incógnita. Inda así, a través da hemerografía podemos acreditar que o entremés tivo un éxito humilde, destacándose a gracia e inxenio dos libretistas e a inspiración e bo gusto dos compositores, cun entremés “demostrativo de que o amor na noite dos tempos xa estaba moi adiantado”.

Para rematar o concerto, a peza escollida é a **Romanza da festa de Román**, da zarzuela *La Canción de los Batanes*. Estreada o 20 de xuño no Teatro Olympia de Barcelona, o libreto pertence a Fernández de Sevilla (1888-1974) e Anselmo Carreño (1890-1952). Esta é unha peza curiosa, e que ten unha importancia maiúscula na produción de Soutullo e Vert. Considerámola a “infancia” de La del Soto del Parral (1927), seguindo os comentarios de Ignacio Jassa e Enrique Mejías.



Non foi moi ben valorada na súa estrea, principalmente pola enorme extensión, en 3 actos e 14 números, polo que os autores decidiron reconfigurala e presentala no Teatro Apolo de Valencia o 8 de outubro como *El Ama del Batán*. A “xuventude” da obra tivo mellor acollida que o seu precedente, mais os autores tomaron en consideración reformala unha última vez, deixándoa como a coñecemos hoxe, como un clásico indiscutible da zarzuela española.

Román, enamorado de Martina, garda en segredo a súa implicación na morte de Tomás, home co que disputou físicamente polo amor da moza. Confésase a Andrés, o seu amigo, que emprega esa información para danar a Román e apartalo de Martina e da comunidade. Román é finalmente salvado pola Tía Blasa, quen admite o asasinato, permitindo a Román vivir en felicidade.

Atopámonos ante unha romanza moi lírica, mais sobria, que pode lembrarnos a outras grandes romanzas da época como a Canción del sembrador, do Pedro de *La Rosa del Azafrán* (1930). Un número potente, climático que serve como culminación do terceiro e último acto da obra.

O concerto presenta unha variada paleta de composicións da pluma soutullovertiana, que pon de relieve a ampla presenza do tándem na sociedade madrileña dos anos vinte e a capacidade destes para adaptarse a diferentes xéneros e rexistros.

Reveriano Soutullo Otero



Fotografía cedida polo CEDOA da SGAE (SAUS©).

(Ponteareas, 11 de xullo de 1880 –
Madrid, 28 de outubro de 1932).

Naceu nun entorno moi favorable musicalmente: o seu pai era por aquel entón director da banda de Redondela, e mentres o seu irmán instrúeo en solfexo, o seu pai Manuel facíao en solfexo e cornetín. Aínda na minoría de idade dirixiu diferentes orquestras, rondallas e orfeóns.

Entrado o século XX múdase a Madrid e matricúlase no Conservatorio de Música e Declamación, onde acada o Premio de Composición por unanimidade en 1906.

Estreará en Vigo dúas zarzuelas: *El regreso* en 1906 e *El tío Lucas* en 1907. De volta en Madrid comezará estreando obras no teatro Novedades.

A partir de 1919 establece a colaboración con Juan Vert, estreándose o dúo coa parodia de opereta *El Capricho de una Reina*.

Ao longo de máis dunha década, o tándem chegou a compoñer en común un catálogo de máis de trinta obras.

Soutullo falece en Madrid o 28 de outubro de 1932, vítima dunha broncopneumonía posiblemente causada por unha trepanación de oído anterior practicada polo doutor Tapia.

Juan Bautista Vert Carbonell

(Carcaixent, 22 de maio de 1890 – Madrid, 16 de febreiro de 1931).

Foi, do mesmo xeito que Soutullo, introducido á música polo seu pai sendo aínda moi cativo. A súa familia mudouse a Ontinyent e comezaría os seus estudos, aínda na minoría de idade.

Vert era enormemente valorado pola súa voz infantil «preciosa, afinada e extensa», e polas súas aptitudes ao piano e o violín, o que o convertía nun pequeno ídolo.

Mudárase en 1908 a Valencia e matricularase no conservatorio da cidade. Alí establece unha boa relación con Luis Emilio Vega Manzano, compositor e director da banda musical de Valencia. Este lévase a Vert con el no seu posterior traslado á vila madrileña, non sen o mecenazgo de Andrés Marín Simón. Vert comezará entón a estudar no Real Conservatorio, acadando o premio de honra en harmonía e composición.



Fotografía cedida polo CEDOA da SGAE (SAUS©).

A súa carreira compositiva comeza en 1916 ao estrear *Las Vírgenes Paganas* e continúa ao ano seguinte con *El Versalles Madrileño*.

Despois destas dúas estreas, Diego San José o pon en contacto con Reveriano Soutullo, e para 1919 estrean no Teatro Apolo a obra *El Capricho de una Reina*.

Despois da ditosa estrea virían moitas máis creacións, acadando un catálogo de máis de trinta obras compostas ata 1931, data na cal Juan Vert falece repentinamente.



Ponteareas, 1999. Comezou a súa carreira nos estudos de música moderna co guitarrista galego Rubén Reinaldo. Logo pasaría a estudar musicoloxía na Universidade de Oviedo, onde acadou a titulación cun traballo sobre os mestres de capela da Catedral de Tui, titorizado por Ramón Sobrino Sánchez, e continuaría a súa formación na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo, onde realizou unha intervención pedagóxica sobre a zarzuela na Educación Secundaria Obrigatoria, titorizado por Luis Costa Vázquez.

Actualmente realiza o doutoramento en Historia da Arte e Musicoloxía na Universidade de Oviedo enfocado no teatro lírico de Reveriano Soutullo e Juan Vert, dirixido novamente por Ramón Sobrino.

Simultaneamente, compaxinou estes estudos co mestrado en Estudos da Literatura e da Cultura da Universidade de Santiago de Compostela onde realizou, titorizado por Montserrat Capelán Fernández e César Pablo Domínguez Prieto, un estudo dunha das obras máis laureadas do tándem de compositores, *Encarna, la Misterio* (1925).

Compaxinando coa súa traxectoria académica, desenvolve e participa en diversos proxectos musicais e musicolóxicos.

Livia Leal Caneiro

Soutomaior, 1996. Comeza os seus estudos musicais con nove anos na especialidade de flauta traveseira no conservatorio Victor Ureña (Redondela), onde recibe dúas masterclass da man da profesora italiana Carla Corredú. Posteriormente accede ao Conservatorio Profesional de Música de Vigo, onde remata o grado medio de canto en 2017. Neste mesmo ano comeza a carreira de musicoloxía histórica no Conservatorio Superior de música “Joaquín Rodrigo” de Valencia, a cal rematará no Conservatorio superior de Música de Vigo. É tamén neste centro onde que realiza os seus estudos de canto coa profesora Patricia Blanco.

Recibiu masterclases de diversos mestres ao longo da súa traxectoria, como foron Isabel Alcobia en Portugal, Stelia Doz en Terni e Milán, Luis Cansino e Carlos Álvarez. Asistiu tamén a un curso de perfeccionamento de “recitativo secco” no Conservatorio Cesare Pollini en Padua, Italia.



Participou nas óperas *Nabucco*, *Pescadores de Perlas*, *Macbeth*, *Tosca* e *Falstaff* dentro do “Outono Lírico” da cidade de Vigo. Foi seleccionada para participar na interpretación do *Messiah* de Haendel nas cidades de Cuenca e Toledo. Así mesmo, cantou o *Requiem* de Mozart no ano 2018 en Vigo, Coruña e Lugo.

Canta como solista, en Vila do Conde (Portugal), o *Gloria* de Vivaldi e debuta en 2021 o rol de Susanna na ópera *Il segreto di Susanna*, de Wolf-Ferrari, en Vigo.



O barítono Pablo Nieves Fuentes, orixinario de Santiago de Compostela, é un destacado intérprete de ópera, oratorio e música de cámara. Cunha sólida formación académica nos conservatorios da Coruña e Compostela, obtivo matrículas de honra e o Premio de Fin de Grao en canto. Ampliou os seus estudos con mestres de renombre como Alberto Zedda e Helena Lazarska.

Foi galardoado como mellor intérprete de ópera en 2014 entre os conservatorios de Galicia. Interpretou roles principais en óperas como *Rita Le Villy*, *The Old Maid and the Thief*, *Dido y Eneas*.

No ámbito da música antiga, colaborou coa Orquesta do Pórtico da Gloria baixo a dirección de Jordi Savall e en gravacións adicadas á recuperación da música barroca galega coa Capella Antica e co grupo de cámara In Itinere.

Participou en importantes obras de oratorio, como o *Réquiem de Fauré* e a *Misa en Si menor* de Bach, e é membro de prestixiosas agrupacións como o Coro da Orquesta Sinfónica de Galicia e o Coro de Cámara Vox Stellae...

También contribuíu á difusión da música lírica como presidente da Asociación Lírica Encantados. A súa experiencia abarca dende o Festival Mozart da Coruña e o festival Bal y Gay ata a gravación de bandas sonoras de películas e obras de teatro.

Carmen Bargiela Casasnovas

Ponteareas, 2000. Iníciase na música á idade de oito anos no grado profesional de piano no conservatorio da mesma vila de Ponteareas. Continuará os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de Vigo, onde en 2024 acada o Grado Superior de Interpretación pola especialidade de piano.

Grazas á beca Erasmus complementa a súa formación no conservatorio “F.A. Bonporti” de Trento (Italia), recibindo clases do mestre Massimiliano Mainolfi, co que tamén puido traballar no curso de piano XIII Naxos Summer Fest.

En 2023, é galardoada co terceiro premio no IX Concurso de Cámara do CSM Vigo, formando dúo con Sara Cayetano Sío, con quen tamén ofreceu dous concertos didácticos sobre a zarzuela, incluíndo obras de Soutullo e Vert.



Foi seleccionada en diversas ocasións como pianista da Banda Sinfónica Galega, e durante o curso 2024-25 colaborou como pianista da Orquestra do Conservatorio Superior de Música de Vigo. Mantén tamén actividade co Ensemble da Aula de Saxofón do mesmo conservatorio vigués, co que participou nos concertos do Elise Hall Jubilee en decembro do pasado ano.

Ao longo da súa traxectoria asistiu a diferentes clases maxistras con pianistas como Elisa D'Auria, Zlatan Božuta, Rabiga Dyussebayeva, Rafaella D'Aniello, Fernando Scafatti ou Dragan Opancic.

Fóra do ámbito pianístico, completou diversos cursos de dirección coral cos mestres Javier Busto e Josu Elberdin. Actualmente, atópase rematando o Máster en Enseñanzas Artísticas en Investigación Musical.